

A VIAXEIRA

Hong Sangsoo, 2024

1504

ESTREA EN NUMAX: 16.04.2025 | V.O.S.E. | 90 min

Iris (Isabelle Huppert), unha viaxeira misteriosa, vagabundeia polas aforas de Seúl. Alí convence unha serie de persoas para lles ensinar francés cun método tan pouco ortodoxo como sedutor, a pesar da súa falta de experiencia. Entre paseos polo parque e botellas de viño de arroz makgeolli, Iris parece de súpeto unha máis da familia. Con sombreiro de palla, vestido de flores e chaqueta verde, a súa personalidade desinhibida crea ao seu carón un clima de confianza, diversión e aprendizaxe que provoca momentos hilarantes e algún malentendido.

«A viaxeira' devólvenos o mellor Hong. A sinxeleza á que chegou co seu cinema só pode interpretarse como o triunfo absoluto da liberdade»

Jara Yáñez, CAIMÁN CUADERNOS DE CINE



Roda de prensa de Isabelle Huppert e Hong Sangsoo: «O filme é unha declaración case filosófica sobre o que significa estar vivo»

Unha pregunta para Isabelle Huppert. Parabéns por esta película tan sutil e emocionante, dirixida marabillosamente. Quería preguntarlle, como actriz, como se enfrontou ao personaxe e que lle atraeu á hora de aceptar a película.

Isabelle Huppert: O que me atraeu de entrada foi a posibilidade de traballar con Hong Sangsoo, con quen xa fixera dúas películas. A súa forma de traballar é única. É o único ao que coñezo que fai películas así. Entusiasmábame a idea de repetir a experiencia. De feito, é complicado proxectarse no personaxe ou na historia porque non hai personaxe nin historia. E iso é tamén o que me gusta: que é máis que un personaxe ou unha historia, que é unha forma de capturar o momento presente e un certo estado dunha persoa enfrontada a certo mundo. Tes que estar moi aberta a esa visión. E iso é o que me gusta de traballar con Hong, que non podes traballar da mesma maneira a como o farías con outro director. É outra forma de traballar. É unha experiencia única, porque, unha vez máis, non podes pensar como un personaxe, aínda que ao final do día si tes un personaxe, tes algo único. Vin a película e emocionoume, porque creo que di moito sobre a soidade de alguén, sobre o seu intento de irse e conectar con outra xente. Ao final creo que é unha declaración case filosófica sobre o que significa estar vivo, ser un ser humano, o que significa estar só e estar con alguén. É un tema importante. Por iso encantoume facer a película.

Dúas preguntas para o mestre Hong Sangsoo. Vese vostede máis como un poeta ou como un cineasta? E a segunda, por que nesta película todos beben makgeolli en lugar de soju? Hong Sangsoo: Non quero nin podo verme a min mesmo como nada. Sobre a segunda pregunta, bebo máis o makgeolli porque son maior, teño que coidarme e non podo aguantar tan ben o soju como antes.

A miña pregunta é para o director e logo outra para a señora Huppert. Primeiro, como cre que eses personaxes existencialmente complexos e ese certo desapego que ten a cámara sobre os personaxes afecta á narrativa da soidade? E para a señora Huppert, como ve que o seu personaxe se perda na súa viaxe interior e os demais personaxes reflectan, en moitos sentidos, a súa propia viaxe? HSS: Isto pode soar moi irresponsable, pero non sei o que fago. Teño un vago obxectivo e unha forma de traballo recoñecida que desenvolvín e que me gusta. Vivo unha relación coa persoas, con Isabelle, co tempo, cos lugares. Todo iso sucede e quero que o meu guión e obxectivo leven a abandonar un sitio onde pasan moitas cousas e se concentre máis en capturar as cousas dunha maneira natural.

IH: A miña personaxe interroga a xente da súa contorna, dunha forma moi obsesiva. Non deixa de facer a mesma pregunta, algo que me parece gracioso as máis das veces. É case coma se forzase a todos os que atopa a ser conscientes de algo e a aceptar os seus problemas. Fórzaos a se dicir a verdade. Creo que ela é así. Non é unha guía, senón alguén que axuda aos outros a revelarse. Quizais por iso beba makgeolli, para esquecer iso. Porque ten certa consciencia de como é o mundo, e quere que a xente sexa consciente de si mesma. Tamén é un pouco maliciosa co que fai, ao facer que os outros se cuestionen continuamente a si mesmos.